

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

DE BIOLOXÍA

2019/2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232

CURSO: 1º ESO

MATERIA: PRÁCTICAS DA CIENCIA

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA

DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
B1.3. coñecemento do lugar de traballo: o laboratorio, a aula ordinaria,	B1.3. Realizar un traballo experimental coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.
B.2.11 Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia de vida na Terra	B.2.11.1 Recoñece as propiedades da auga en relación coa súa consecuencia para o mantemento da vida na Terra
Coñecer os principais minerais, segundo algunha das súas características e propiedades.	Observación de diferentes exemplares de minerais
Coñecer os tipos de rochas	Observación de diferentes exemplares de rochas
B.2.4 Localizar a posición da Terra no sistema solar	B.2.4.1 Identificar a posición da Terra no sistema solar
B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade	BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos
B3.2. Recoñecer o significado do mundo microscópico. O microscopio. Partes . funcionamento.	BXB3.2.1. Percepción dos tamaños microscópicos. Un mundo a escala. O manexo do microscopio. Cálculo de tamaños
B3.4. Recoñecer os diferentes organismos de cada un dos diferentes reinos no que están incluídos os microorganismos en función das súas características máis salientables.	BXB3.4.1 Observación ao microscopio. Emprego de láminas, libros, imaxes dos diferentes tipos de células e microorganismos dos que se realiza a observación.

2. Avaliación e cualificación.	
Avaliación	<p>Procedementos**:</p> <p>Distribución do material a través da Aula Virtual do centro.</p> <p>Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia.</p> <p>Corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado.</p> <p>Actividades de recuperación e reforzo</p>
	<p>Instrumentos**:</p> <p>proxectos de diferentes prácticas: xerminación de sementes... fotografías, guión de prácticas, videos online, documentais</p>
Cualificación final	<p>A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Nota media das cualificacións da 1º e 2º avaliación (60% 1ªavaliación, 40% segunda avaliación). ■ Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que complete as tarefas do 3º trimestre de xeito telemático e online con éxito.
Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> ● A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente ● A proba constará de preguntas de resposta curta e concreta en relación as prácticas levadas a cabo no 1º e 2º trimestre. ● De non poder levarse a cabo de xeito presencial realizaríase online (proporcionando os medios necesarios) ben de xeito escrito ou oral.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai cambios nos criterios de avaliación</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Exames e probas realizadas no centro antes do confinamento. ● Tareas de reforzo e recuperación enviadas online durante a corentena.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● Probas e boletín feitos antes do confinamento (100%). ● Tareas de reforzo e recuperación enviadas online durante a corentena (20%).

	<p>De non poder completarse os criterios de cualificación anteriores, e en beneficio do alumnado, acórdase no departamento didáctico o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● NON COMPUTE A MATERIA PENDENTE PARA PODER PROMOCIONAR
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	proxectos de diferentes prácticas: xerminación de sementes... fotografías, guión de prácticas, videos online, documentais
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Aula virtual do instituto ou correo electrónico Plataforma EDMODO Resolución de dúbidas a través das distintas plataformas Alumndo sen conectividade envío do material ao concello que se fai cargo de entregalo en papel a cada alumno
Materiais e recursos	Aula virtual, plataforma EDMODO correo electrónico videos

4. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias	<p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.</p> <p>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p> <p>Publicación na Aula Virtual dentro do departamento BIOLOXÍA</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.</p> <p>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232

CURSO: 1º ESO

MATERIA: Bioloxía e Xeoloxía

DEPARTAMENTO: Bioloxía e Xeoloxía

DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Repaso, reforzo e recuperación	
B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
	BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.
	BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.
B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.
B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.
B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.
B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.
B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.
	BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.
B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.
	BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.
B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salientar a súa importancia económica e a xestión sustentable.	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciais.
	BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.
	BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.
B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.
	BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.
	BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.
B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.
B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.
B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.

B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.
B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.
B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas
B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.
B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.
B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.
B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.
B4.3. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.	BXB4.3.1. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.
B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.
B5.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación, e a argumentación.	BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e sobre os métodos empregados para a súa obtención.	BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.

2. Avaliación e cualificación.

Avaliación	<p>Procedementos**:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Distribución das orientacións e instrucións a través de correo electrónico e EDMODO. • Distribución de actividades de repaso, reforzo e recuperación a través de EDMODO e a Aula Virtual do centro. • Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia. • Corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado.
	<p>Instrumentos**:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios, boletíns de actividades de repaso, reforzo e recuperación. • Traballos individuais.
Cualificación final	<p>A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:</p> <p>a) A nota final será a nota correspondente ó 60% da nota acadada na primeira avaliación mais o 40% da nota acadada na 2ª avaliación.</p> <p>b) Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que realice as tarefa das terceira avaliación con éxito de xeito online e telemático.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será correspondente ao primeiro trimestre e unha parte do segundo trimestre (dende o Universo – B2.1 ata a Biosfera –B2.19).</p> <p>De non levarse a cabo de xeito presencial, avaliaríase con unha proba online e no caso de alumnado non concetado con boletín de actividades</p>

Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación: (se non houbo cambios respecto da programación orixinal, fágase constar).
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Exames e probas realizadas no centro antes do confinamento.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas de reforzo e recuperación enviadas online durante a corentena.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Probas e boletín feitos antes do confinamento (100%).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas de reforzo e recuperación enviadas online durante a corentena (20%). <p>De non poder completarse os criterios de cualificación anteriores, e en beneficio do alumnado, acórdase no departamento didáctico o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • NON COMPUTE A MATERIA PENDENTE PARA PODER PROMOCIONAR

3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o 3ª trimestre levaranse a cabo as seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Boletíns de repaso e reforzo. • Actividades de recuperación. • Actividades de adaptación. • Lectura de textos. • Busca de información en internet.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía levada a cabo é a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resolución de dúbidas a través de correo electrónico ou mediante a aplicación de EDMODO. • Entrega de actividades na aula virtual ou por EDMODO. • Envío de actividades de repaso, reforzo e recuperación para aqueles alumnos que non presentan conectividade para que as teñan impresa.
Materiais e recursos	<p>Aplicacións didácticas como EDMODO. Tarefas de repaso, reforzo e recuperación confeccionadas. Vídeos explicativos de Youtube ou outras páxinas Web. Artigos científicos e páxinas Web relacionadas coa materia.</p>

4. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias	<p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.</p> <p>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> <p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro.</p> <p>Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232

CURSO: 3º ESO

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA

DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel	Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.
.Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan	Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovela individual e colectivamente.
Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.
Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.
Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.

2. Avaliación e cualificación.	
Avaliación	<p>Procedementos**:</p> <p>Distribución do material a través da Aula Virtual do centro.</p> <p>Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia.</p> <p>Corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado.</p> <p>Actividades de recuperación, reforzo e adaptadas</p>
	<p>Instrumentos**:</p> <p>cuestionarios de repaso</p> <p>actividades de reforzo e adaptadas</p> <p>lectura comprensiva de textos científicos</p> <p>casos clínicos de pacientes</p> <p>documentais</p>
Cualificación final	<p>A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Nota media das cualificacións da 1º e 2º avaliación (60% 1ªavaliación, 40% segunda avaliación). ■ Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que complete as tarefas do 3º trimestre de xeito telemático e online con éxito.
Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> ● A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será a correspondente ao 1º e 2º trimestre unicamente ● A proba constará de preguntas de resposta curta e concreta en relación aos contidos dados no 1º e 2º trimestre. ● De non poder levarse a cabo de xeito presencial realizaríase online (proporcionando os medios necesarios) ben de xeito escrito ou oral.
Alumnado de materia pendente	SEN ALUMNADO CON MATERÍA PENDENTE

3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>cuestionarios de repaso / recuperación. cuestionarios adaptados e de reforzo / recuperación. lectura comprensiva de textos científicos casos clínicos de pacientes documentais</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Aula virtual do instituto ou correo electrónico Plataformas dixitais para dúbidas e busca de información Alumndo sen conectividade envío do material ao concello que se fai cargo de entregalo en papel a cada alumno</p>
Materiais e recursos	<p>Aula virtual, plataformas dixitais correo electrónico videos Resumes en PDF</p>

4. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias	<p>Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro. Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo. Publicación na Aula Virtual dentro do departamento BIOLOXÍA</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Aviso masivo a través do espazo Abalar Familias con enlace web a tódalas programacións do centro. Publicación directa cos grupos-aula de mensaxería instantánea que xestiona o equipo directivo.</p>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES LAGOA DE ANTELA - 32015232

CURSO: 4º ESO

MATERIA: Bioloxía e Xeoloxía

DEPARTAMENTO: Bioloxía e Xeoloxía

DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

INDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Repaso, reforzo e recuperación	
B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e reconece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función. BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.
B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.
B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina	BXB1.3.1. Reconece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.
B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica.	BXB1.4.1. Reconece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.
B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.
B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	BXB1.6.1. Reconece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.
B1.8. Valorar e reconecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	BXB1.8.1. Reconece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.
B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e reconecer a base cromosómica das leis de Mendel.	BXB1.9.1. Reconece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.
B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.
B1.13. Comprender e describir o proceso da clonación.	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.
B1.14. Reconecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.
B1.15. Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde.	BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.
B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
B1.18. Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana.	BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas.
B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.
B2.8. Reconecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.
B4.1. Planear, aplicar, e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia.

B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.
B4.3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.
De ampliación	
B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.
B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.
	BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.

2. Avaliación e cualificación.	
Avaliación	<p>Procedementos**:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Distribución das orientacións e instrucións a través EDMODO ou correo electrónico. • Distribución de apuntamentos, actividades de repaso, reforzo, recuperación e ampliación a través de EDMODO ou por correo electrónico. • Observación sistemática do seguimento que o alumnado fai da materia. • Corrección e valoración das tarefas entregadas polo alumnado.
	<p>Instrumentos**:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cuestionarios, boletíns de actividades de repaso, reforzo e recuperación. • Traballos individuais.
Cualificación final	<p>A valoración final do alumnado farase seguindo o seguinte criterio:</p> <p>c) A nota final será a nota correspondente ó 60% da nota acadada na primeira avaliación mais o 40% da nota acadada na 2ª avaliación.</p> <p>d) Valoración positiva de ata un 20% da nota para o alumnado que realice as tarefas das terceira avaliación con éxito de xeito online e telemático.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A materia a avaliar na proba extraordinaria de setembro será correspondente ao primeiro trimestre e unha parte do segundo trimestre (dende a célula - B1.1. ata as aplicacións da enxeñería xenética- B1.15).</p> <p>De non poder levarse a cabo de xeito presencial realizaríase online (proporcionando os medios necesarios) ben de xeito escrito ou oral.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: (se non houbo cambios respecto da programación orixinal, fágase constar).</p> <p>Sen cambios</p> <p>SEN ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

	Criterios de cualificación:
--	-----------------------------

3. Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Durante o terceiro trimestre, levaranse a cabo as seguintes actividades e) Tarefas de repaso e reforzo dos contidos traballados en clase. f) Actividades de ampliación. g) Boletín de actividades de recuperación. h) Lecturas de textos e artigos científicos. i) Busca de información en internet.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	En principio, o alumnado de 4º ESO de Bioloxía e Xeoloxía conta cos medios para estar conectado na 3ª avaliación. A metodoloxía levada a cabo de maneira online ou telemática é a seguinte: j) Resolución de dúbidas a través do correo electrónico ou mediante a plataforma EDMODO. k) Entrega de actividades mediante a plataforma virtual EDMODO ou, de ser o caso, por correo electrónico. l) Apuntamentos dispoñibles en EDMODO.
